



RESOLUCIÓN REITORAL DE ADXUDICACIÓN DE BOLSAS COMPLEMENTARIAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ESTUDANTADO DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO QUE TEN ADXUDICADAS PRAZAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL NO CURSO 2023-24

Publicada a resolución reitoral do 31 de outubro coas listaxes provisionais do estudantado beneficiario dunha bolsa complementaria da Deputación de Pontevedra, e rematado o prazo de presentación de alegacións, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro: Conceder as 100 bolsas complementarias da Deputación de Pontevedra que se relacionan no anexo I ao estudantado seleccionado dos campus de Vigo e Pontevedra.

Segundo: Establecer unha listaxe de agarda no anexo II, no caso de renuncias.

O pagamento das axudas realizarase na conta do estudantado beneficiario da que é titular:

- No caso de estudantado que iniciou a súa estadía no primeiro cuadrimestre, unha vez recibido na ORI o certificado de chegada.
- No caso de estudantado que inicie a súa estadía no segundo cuadrimestre, trala confirmación da aceptación da universidade de destino. De non contar coa aceptación antes do 15 de decembro de 2023, tramitarase o pagamento unha vez recibido o certificado de chegada no 2024.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O REITOR

Por delegación, R.R. do 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño